



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL, MEDIANTE O QUE SE CANALIZA UNHA SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS, DURANTE O ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (en diante, FGCMF) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Canalizar a subvención prevista nominativamente na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, a favor da FGCMF, co fin de financiar as actuacións previstas ata o 30 de novembro de 2018, consistentes na dinamización das embarcacións tradicionais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- Na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, figura unha subvención de concesión directa a favor da FGCMF, por un importe de 6.576,00 euros na partida orzamentaria 14.03.722A.481.6 e por un importe de 20.000,00 euros na partida 14.03.722A.781.6 (proxecto 2015 00595).
- De conformidade co establecido nos artigos 19.4 a) e 26.1 e 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

